

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida nas bolsas de mobilidade para estudantes de grao e mestrado oficial para participar en proxectos e accións de cooperación ao desenvolvemento no curso 2022/2023

De conformidade co establecido no punto 8 do anexo I da Resolución Reitoral do 16 de febreiro de 2023 no que se regulan as bases da convocatoria de *bolsas de mobilidade para estudantes de grao e mestrado oficial para participar en proxectos e accións de cooperación ao desenvolvemento no curso 2022/2023*, á vista da proposta da comisión de avaliación e tendo en conta que a todas as persoas admitidas se lle concede a bolsa

esta Reitoría RESOLVE:

1. Publicar a listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida e contía adxudicada en función da distancia e duración da estadía, e elevala a **definitiva**. (véxase anexo I)
2. As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a:
 - Antes da estadía:
 - a) Asistir á formación organizada pola UVIGO e a entidade de cooperación.
 - b) A xestionar a súa viaxe, aloxamento, vacinacións e de ser o caso tramitar o visado e realizar calquera outra xestión necesaria para asegurar a permanencia no destino durante a duración do estadía.
 - Durante a estadía:
 - a) Enviar por correo electrónico a bolsas@uvigo.es a súa chegada ao país de destino xustificante de inicio de estadía asinado polo/a titor/a da entidade de acollida
 - b) Cumprir co plan de traballo presentado na solicitude. Calquera modificación (de datas, centro de destino...) deberá ser autorizada pola vicerreitora de Benestar, Equidade e Diversidade, á vista dos informes dos/as tutores/as.
 - c) Cumprir a normativa vixente relativa ás prácticas externas establecidas pola universidade de Vigo, responsabilizándose da tramitación dos documentos que corresponda.
 - Ao finalizar a estadía:
 - a) Presentar un informe do/a titor/a da entidade de acollida que recolla a data de fin da estadía e o grao de desempeño.
 - b) Presentar unha memoria xustificativa do traballo realizado, resultados acadados e coñecementos adquiridos, que deberá contar co visto e prace do/a profesor/a.

CSV : GEN-7f08-23d4-5187-fc46-eb41-7690-e5e6-96de

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 13/04/2023 09:48 | NOTAS : F



- c) Cubrir unha enquisa de satisfacción ao regreso da estadia.
- Deberá presentar na Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade documentación visual da súa estadia (fotografías ou vídeos en formato .JPG) e da súa participación no proxecto. En todo o material que se xere das actividades que se desenvolvan no marco desta convocatoria deberá constar que se levaron a cabo con financiamento da RGCUD no marco da vixente convocatoria da Uvigo.
 - Participar nunha actividade de sensibilización que determinará a Vicerreitoría de Benestar, Equidade e Diversidade, en que relatará a súa experiencia no terreo
 - Defender o traballo fin de estudos, matricularse/recoñecer as prácticas, ou a materia relacionada coa actividade, segundo sexa o caso, no curso 2022/2023 ou 2023/2024.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor
Por delegación RR 22/06/2022 (DOG 06/07/2022)
A vicerreitora de Benestar, Equidade e Diversidade
María Isabel Doval Ruíz



CSV : GEN-7f08-23d4-5187-fc46-eb41-7690-e5e6-96de

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 13/04/2023 09:48 | NOTAS : F

ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS CON BOLSA CONCEDIDA

Apellido1	Apellido2	Nome	Distancia	Manutención e aloxamento	Contía adicional	Contía total
Acosta	Veiga	Ana	530,00 €	500,00 €	200,00 €	1.230,00€ + seg. asistencia sanitaria
González	Riveiro	Lucía	530,00 €	500,00 €	200,00 €	1.230,00€ + seg. asistencia sanitaria
Lago	Saafigueroa	Iván	530,00 €	1.000,00 €	400,00 €	1.930,00€ + seg. asistencia sanitaria
López	Cedrón	Alba	530,00 €	1.000,00 €	400,00 €	1.930,00€ + seg. asistencia sanitaria

Contía total adxudicada: 6.320,00 €+seguro de asistencia sanitaria

Código seguro de Verificación : GEN-7f08-23d4-5187-fc46-eb41-7690-e5e6-96de | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

CSV : GEN-7f08-23d4-5187-fc46-eb41-7690-e5e6-96de

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : MARIA ISABEL DOVAL RUIZ | FECHA : 13/04/2023 09:48 | NOTAS : F

